



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal dos seguintes numerais cardinais é INCORRECTO.

- A) Oitenta
- B) Dezasete
- C) Cincocentos
- D) Trintaen

2. Respecto ós membros inferiores do corpo indique a palabra INCORRECTA:

- A) Deda
- B) Pé
- C) Calcañar
- D) Nocelo

3. Sinale a forma verbal INCORRECTA:

- A) TER/Ti tes
- B) Poñer/El pon
- C) IR/Nós vimos
- D) Poñer/ Eu puxen

4. Se falamos de gabián estamos a aludir a:

- A) Escavación longa, estreita e fonda feita na terra.
- B) Ave de rapina pequena.
- C) Sala pequena usada como lugar de traballo.
- D) mamífero rumiante con cornos.

5. Sinale a serie CORRECTA:

- A) Tixeira, conexo, baraxa, enxiva.
- B) Tesoira, coello, baralla, enxiva.
- C) Tesoira, conexo, baralla, encía.
- D) Tixeira, coello, baraxa, enxiva.

6. Dos seguintes substantivos sinale o plural INCORRECTO:

- A) Animal/ animais
- B) Compás/ compases
- C) Construtor/ construtores
- D) Xabarín/ xabaríes

7. Sinale o ordinal de 17:

- A) Décimo sete
- B) Dezasete
- C) Dezasetavo
- D) Décimo sétimo

8. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Hirmán
- B) Kilómetro
- C) Yoga
- D) Berce

9. Cardinal de 24:

- A) Vinte e catro
- B) Vintecatro
- C) Ventecatro
- D) Vente e catro

10. Árbore da pera:

- A) O pereiral
- B) O pereiredo
- C) O pereidal
- D) A pereira

Preguntas de reserva

1. Médico especialista en NEUROCIRURXÍA:

- A) Neurociruxián
- B) Neurocirurxián
- C) Neurociruxán
- D) Neurocirurxian

2. Sinale a serie CORRECTA:

- A) Saia, chubasqueiro, xersei, bufanda.
- B) Saia, chuvasqueiro, xersei, bufanda.
- C) Saia, chubasqueiro, jersei, bufanda.
- D) Saia, chuvasqueiro, jersei, bufanda.